

De: uqui <uqui@uquicebra.com>  
Asunto: **La Voz de Galicia. El diario más leído de Galicia gracias a la participación de sus lectores, con la más rabiosa actualidad, multimedia, opinión y debates.**  
Fecha: 18 Setembro 2007 14:18:16 GMT+02:00  
Para: irene martínez permuy <ire\_mp\_xikita@hotmail.com>  
Mime-Version: 1.0 (Apple Message framework v752.2)  
Message-Id: <A1DCFC24-7625-4B4A-BB10-46BCE9876197@uquicebra.com>  
Content-Type: multipart/alternative; boundary=Apple-Mail-15--790184474



¿que che parece?

**La Voz de Galicia**.es

SANTIAGO

 Volve  
r

## A imaxe de dúas embarazadas convida a escoitar á Filharmonía

A autora, Uqui Permuy, aposta pola imaxe da muller «en positivo»

**Concha Pino** | 15/9/2007

A sobrecarga de imaxes publicitarias fai difícil atopar aquelas que cumpran o papel de atraer a atención do público e suscitar curiosidade. E a deseñadora compostelá Uqui Permuy conségueo, porque sempre sorprende coas súas achegas. A última son as dúas mulleres embarazadas que figuran na cartelería e nos programas de man da nova tempada de abono do Auditorio de Galicia e da Real Filharmonía de Galicia, a orquestra residente no centro cultural na que recae o peso da oferta de música clásica dende outubro a xuño.



Uqui Permuy explica que elaborou a súa proposta con dúas liñas, nunha reportaxe fotográfica na que aparecen dúas embarazadas xogando e en actitude de relax, de expectativa. Finalmente prevaleceu a das dúas mulleres sentadas para o cartel e a portada do programa, que leva na contraportada a imaxe na que xogan á mariola. Na presentación da programación de abono causou certa sorpresa, e a unha pregunta sobre esta ilustración contaron que o embarazo transmite a idea de esperanza e de vida, como a música. A autora di que cando expuxo a súa idea «sorprendeulles un pouco, e a algunhas persoas pareceulles que na imaxe que están sentadas daban a impresión de cansazo». Curiosamente, o programa ten unha parte troquelada que divide a figura, de maneira que ao dobrar o papel non se ven as barrigas e o xesto das mulleres é de deleite e sosego. En conxunto, as imaxes do xogo e a do relax transmiten a mensaxe de que «somos mulleres, estamos preñadas, pero somos activas física e sensorialmente».

Uqui decidiu que fosen mulleres «porque a música, malia que a palabra é feminina, segue sendo moi masculina en canto a directores, intérpretes e compositores». E en embarazadas «porque a música é aberta e hai que crear imaxes que provoquen empatía e que coloquen á xente do lado do tema, e un embarazo, igual que a música, transmite moitas sensacións e sentimentos, alegría, tristeza, dor, vida... É, en calquera caso, unha aposta en positivo, pero apegada á actualidade e ao que preocupa, porque a música non está illada da realidade».

Este é o cuarto ano que Uqui Permuy publicita a tempada de abono do Auditorio. Na primeira usou a imaxe anxelical, pero dura, dun neno palestino morto. A seguinte eran os barrotes dunha cárcere e a do ano pasado presentaba aos propios músicos da Filharmonía cos ollos vendados.

Uqui considérase «un pouco kamikaze, porque sempre vou máis aló do que me piden os clientes, incluso cando é a primeira vez que me propoñen un traballo. Sempre levo preparada a opción B, pero polo xeral sempre se quedan coa primeira. Así que a experiencia non é mala, porque no meu traballo interésame non aburrirme para avanzar, os pequenos retos».



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:



Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional:



-----  
www.uquicebra.com  
Porto de Amio, 20  
15707 Santiago de Compostela  
Tel: 981 57 23 28  
Tel: 630 071 425  
Fax: 981 557 245